

Sumario | nº19 – Xullo 2022

EDIUS **NOVAS**

Calendarios dos Programas de Doutoramento para o curso 22/23



Unha investigación da USC, mellor tese de doutoramento do mundo no eido dos fluídos supercríticos



EDIUS **NOVAS**

■ ENTREVISTA

«Dende Galicia pódese facer investigación da máis alta calidade»



3MT®



As teses en tres minutos... ou menos



EDIUS **NOVAS**

Máis dun cento de participantes no IX Encontro da Mocidade Investigadora en Compostela



EDIUS **NOVAS**

A Universidade de Santiago é a mellor de España, segundo Forbes



EDIUS **NOVAS**

A EDIUS e a Fundación José Otero-Carmela Martínez ofrecen bolsas de axuda para o alumnado de doutoramento da USC



EDIUS **NOVAS**

A USC entre as universidades españolas con maior rendemento en I+D, taxa de éxito académico e transferencia



Claudia Rosales Rivas, alumna de Dereito e Relacións Laborais, distinguida polo Centro de Estudos Garrigues




EDIUS **NOVAS**



Ángel Carracedo, candidato ao Princesa de Asturias en Investigación Científica e Técnica

A Asociación Española de Xeógrafos reconece o traballo do doutor da USC Alejandro Gómez Pazo



EDIUS **NOVAS**

EDIUS **NOVAS**

Calendarios dos Programas de Doutoramento para o curso 22/23

Xa están publicadas as datas para realizar os estudos de doutoramento na USC. O calendario de solicitude de admisión para iniciar estes estudos na universidade compostelá será, nun primeiro período, entre o 1 e o 9 de setembro. Despois das fases de publicación e revisión das listaxes, o alumnado deberá formalizar a matrícula, en primeira convocatoria, entre o 30 de setembro e o 11 de outubro. Xa en febreiro de 2023 a USC contempla a apertura do segundo período para solicitar a admisión e, posteriormente, formalizar a matrícula.

Por outra banda, a matrícula para a continuación de estudos de doutoramento na USC para o curso

2022-2023 deberá facerse entre o 1 de setembro e o 11 de outubro.

A institución universitaria advirte de que os cambios de dedicación haberá que realizalos nos períodos ordinarios de matrícula. Con respecto ás baixas temporais, poderán facerse efectivas durante todo o curso.

Con carácter xeral a matrícula deberá cubrirse por medios electrónicos na Secretaría Virtual. Os requisitos de acceso serán os establecidos na normativa vixente e desenvolvidos no [Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC](#).

Inicio de estudos do Programa de Doutoramento	Solicitude de admisión 1º período	1 - 9 setembro 2022
	Publicación relacións provisórias 1º período	19 setembro 2022
	Reclamación relacións provisórias 1º período	20 - 23 setembro 2022
	Publicación relacións definitivas 1º período	29 setembro 2022
	1º período de matrícula	30 setembro - 11 outubro 2022
	Solicitude de admisión 2º período	1 - 7 febreiro 2023
	Publicación relacións provisórias 2º período	14 febreiro 2023
	Reclamación relacións provisórias 2º período	15 - 20 febreiro 2023
	Publicación relacións definitivas 2º período	24 febreiro 2023
	2º período de matrícula	25 febreiro - 3 marzo 2023
CONTINUACIÓN ESTUDOS		1 setembro- 11 outubro

Desistencia de matrícula	Inicio de estudos do primeiro período e continuación de estudos	Ata o 31 de outubro
	Estudos do 2º período de matrícula	Ata o 20 de marzo de 2023
Cambio de modalidade de dedicación		Nos períodos ordinarios de matrícula
Baixas temporais		Durante o curso

3MT®



As teses en tres minutos... ou menos

O luns 27 de xuño celebrouse a Gran Final do concurso **Three Minute Thesis (3MT®)**

Preto de 20 doutorandos e doutorandas da USC enviaron os seus vídeos para participar neste certame de comunicación para investigadores e investigadoras de todas as áreas do coñecemento que pretende cultivar as habilidades de comunicación académica, de presentación e de investigación dos estudantes. Este é o primeiro ano no que a USC participa neste concurso, que apoia a capacidade dos doutorandos e doutorandas para explicar eficazmente a súa investigación en tres minutos, nunha linguaxe adecuada para un público non especializado.

Na Gran Final, que tivo lugar na Nave de Vidán de Compostela, concursaron os 12 vídeos finalistas. Os 12 doutorandos e doutorandas autores das pezas fixeron a presentación da súa investigación en persoa. As exposicións realizáronse diante do xurado e do público e tivo que respectar o tempo (3 minutos) así como o guión do traballo presentado en formato vídeo.

O xurado estivo composto polos subdirectores e subdirectoras da EDIUS e por dous profesores de USC:

- Artes e Humanidades: Dolores Vilavedra Fernández
- Ciencias e Enxeñarías: Eugenio Vázquez Sentís
- Ciencias da Saúde: Juan Bautista Zalvide Torrente
- Ciencias Sociais e Xurídicas: José Miguel Túdez López
- Roi Méndez Fernández: Profesor na Facultade de Ciencias da Comunicación
- Marta Rodríguez Castro: Profesora na Facultade de Ciencias da Comunicación

Ao acto asistiu a vicerreitora, quen animou “a seguir divulgando como forma de contribuír á visibilidade da investigación e da ciencia e para dar a coñecer toda a inmensa actividade que desenvolven os equipos de investigación da USC en todas as áreas”.

[↩ Ir ao sumario](#)



Finalmente, outorgáronse cinco Premios de Excelencia de Divulgación Científica, un por cada área. Os gañadores desta primeira edición do ‘Teses en tres minutos’ da USC foron:

- Ciencias da Saúde: **Irene Ortiz Leal**. PD en Investigación Básica e Aplicada en Ciencias Veterinarias.
- Enxeñaría e Arquitectura: **Fernando Estévez Casado**. PD en Investigación en Tecnoloxías da Información.
- Ciencias Sociais e Xurídicas: **Sara Calvete Lorenzo**. PD en Comunicación e Información Contemporánea.
- Ciencias: **María Moreno Pérez**. PD en Ciencia e Tecnoloxía Química.
- Artes e Humanidades: **Jamila Farajova**. PD en Lingüística.

Pola súa banda, o xurado tivo en conta aspectos do contido das presentacións e a capacidade comunicativa dos candidatos e candidatas.

A EDIUS premiou aos doutorandos e doutorandas gañadores dos Premios de Excelencia de Divulgación Científica cun cheque por valor de 250€. Ademais, os 12 participantes da final recibirán como recoñecemento uns auriculares sen fíos.

3MT®

Como foi a túa experiencia
no concurso 3MT?

Por que consideras que é importante que os teus
e as túas colegas se animen a participar neste tipo
de iniciativas?

SARA CALVETE LORENZO



Gañadora Ciencias Sociais e Xurídicas –
PD en Comunicación e Información Contemporánea

Merece dobremente a pena. Por unha banda, é un reto resumir unha investigación que leva anos da túa vida en tres minutos e adaptala ao común para que a poida entender calquera persoa sen perder a esencia. Por outra, é xenial ver a compañeiras de eidos tan diferentes explicando as súas investigacións.

Se investigamos e non somos quen de divulgar o coñecemento, que é realmente do que vai isto, se non podemos transmitir as reflexións e os avances da ciencia, algo estamos a facer mal. A academia coxea nisto, debe facer un esforzo urxente por achegarse á sociedade e o 3MT é unha proba de como construír un discurso científico e, á vez, accesible.

*O Triplo Corte: Metodoloxía para mutilar
o corpo na pantalla de cinema.*

FERNANDO ESTÉVEZ CASADO



Gañador Enxeñaría e Arquitectura –
PD en Investigación en Tecnoloxías da Información

O 3MT foi un desafío, dada a complexidade de explicar conceptos técnicos en tempo récord e sen empregar ningún material de apoio. Isto fixo do concurso unha experiencia moi entretida e enriquecedora para min. Tamén desfrutei moito como público, aprendendo do traballo do resto de concursantes.

A ciencia que non se conta pasa inadvertida. Penso que a divulgación é a mellor ferramenta que temos desde a academia para transmitirle á sociedade os motivos, retos, resultados e impacto da nosa investigación. Ademais, permítenos medrar como comunicadores e, o máis importante, é moi divertido!

Desenvolvemento dunha estratexia de aprendizaxe máquina 'glocal' e continua aplicable a dispositivos.


[↩ Ir ao sumario](#)

3MT®

Como foi a túa experiencia
no concurso 3MT?

Por que consideras que é importante que os teus
e as túas colegas se animen a participar neste tipo
de iniciativas?

IRENE ORTIZ LEAL



Gañadora Ciencias da Saúde – *PD en Investigación
Básica e Aplicada en Ciencias Veterinarias*

Sen dúbida, a experiencia foi inesquecible, non só por permitir-
nos compartir e divulgar os nosos estudos cos demais presen-
tes, senón tamén por poder coñecer a xente de distintos ámbi-
tos da investigación, e incluso a xente de distintos países, nun
ambiente multidisciplinar e acolledor.

É importante facer divulgación científica do que investigamos
nas nosas teses de doutoramento non só entre compañeiros ou
colegas, amigos e familia, senón tamén entre a poboación xeral.
Só deste xeito conseguiremos que a ciencia ocupe o lugar na
sociedade que merece.

*Comunicación química na familia Canidae: Estudo neuroanatómico comparado
dos subsistemas olfactivos -olfactivo e vomeronasal- do can, lobo e raposo. Implica-
cións nas infeccións víricas e no control ecolóxico da fauna salvaxe.*

MARÍA MORENO PÉREZ



Gañadora Ciencias – *PD en Ciencia
e Tecnoloxía Química*

Para min foi un reto persoal, tanto poñerme diante dunha
cámara a intentar explicar o meu traballo como repetilo con pú-
blico na final. Foi moi enriquecedor ver proxectos tan diferen-
tes e un gusto compartilo cos demais participantes e cos meus
amigos alí presentes (grazas por estar sempre aí).

Aínda que se crea que os investigadores somos “ratas de labora-
torio”, a divulgación é esencial, tanto se queres conseguir finan-
ciamento como explicarlle á túa nai en que invistes tantas horas.
Ademais, é unha gran oportunidade que recomendo aos meus
compañeiros para coñecer outros tipos de investigacións.

*Clústeres subnanométricos depositados en semicondutores como
foto/catalizadores para a produción de hidróxeno.*

[↩ Ir ao sumario](#)

3MT®

Como foi a túa experiencia no concurso 3MT?

Por que consideras que é importante que os teus e as túas colegas se animen a participar neste tipo de iniciativas?

JAMILA FARAJOVA




Gañadora Artes e Humanidades – *PD Lingüística*

Foi unha experiencia fascinante que me permitiu repensar profundamente o propósito e o impacto da miña investigación. Ademais, foi unha excelente oportunidade para intercambiar ideas con outros estudantes e escoitar as súas investigaciónes innovadoras.

É unha práctica emocionante, un gran exercicio de reflexión, melloras as túas habilidades para falar en público. Tamén é unha forma de establecer networking cos outros compañeiros, así como unha experiencia de desenvolvemento profesional, onde vostede está a cargo do seu propio crecemento académico.

Linguo-semiotic analysis of English texts.

MANUEL PIÑEIRO FIEL



Ciencias da Saúde – PD en Investigación Clínica en Medicina

Pois persoalmente podo dicir que moi positiva. Puiden ver traballos moi interesantes á par que distintos e moi ben sintetizados. E xa non digamos dos recursos que empregou cada un para captar a atención do público/xurado/etc.

Pois diría que é interesante para que intenten sintetizar o máis relevante e non irse polas ramas. Saber establecer un guión a un tempo acoutado soa sinxelo pero non o é. Iniciativas como esta son unha moi boa práctica e sentes realmente a presión do crono. E, por outro lado, esta iniciativa a min servíume para explicar a familiares/amigos en que consistía o meu traballo dunha maneira rápida e amena.

Desenvolvemento e estandarización de novos biomarcadores de imaxes PET.

[↩ Ir ao sumario](#)

3MT®

Como foi a túa experiencia
no concurso 3MT?

Por que consideras que é importante que os teus
e as túas colegas se animen a participar neste tipo
de iniciativas?

ROCÍO DEL PILAR SOSA FERNÁNDEZ



Ciencias Sociais e Xurídicas – PD en Comunicación e Información Contemporánea

Para min, o participar no concurso de 3MT foi un desafío e, ao mesmo tempo, unha experiencia gratificante. Isto débese a que me enfrentei ao reto de comunicar dunha maneira accesible, clara e sinxela a miña tese.

Durante a época do doutoramento, sempre se ten a sensación de que non avanzas nada, polo que este tipo de iniciativas lévante a visibilizar o teu propio traballo durante a tese, coñecer o traballo dos demais e ordenar mellor as ideas da túa investigación.

El análisis del potencial educativo presencial y a distancia utilizando recursos inmersivos en realidad virtual y aumentada.

PAULO VÍTOR DA SILVA CARVALHO LISBOA



Ciencias Sociais e Xurídicas – PD Procesos Psicológicos e Comportamento Social

Moi interesante. Obrigoume a pensar a tese e o traballo desta tese para facela simple, pero non simplista. Foi unha oportunidade para que, como portugués que estuda en España, consiga as competencias lingüísticas. Tamén me permitiu ver outros traballos e coñecer a persoas doutras áreas ampliando horizontes.

En Portugal, dise que “quem não é visto, não é lembrado” e, como tal, animo a participar nesta iniciativa, pois é unha oportunidade de dar a coñecer o que facemos e para que o facemos, contribuíndo a que a academia transfira os seus resultados e dando visibilidade á ciencia, algo aínda tan necesario na actualidade.

Adolescents’ pro-environmental behavior: associations with Values-Identity-Personal Norm Theory, Personality and Emotional Intelligence.


[↩ Ir ao sumario](#)

3MT®

Como foi a túa experiencia
no concurso 3MT?

Por que consideras que é importante que os teus
e as túas colegas se animen a participar neste tipo
de iniciativas?

FABIOLA GARCÍA RANGEL



*Artes e Humanidades- PD en Estudos Culturais:
Memoria, Identidade, Territorio e Linguaxe*

Foi todo un reto intentar a síntese da miña investigación. A pesar do avance que logrei, resultou complicado expoñer en tan pouco tempo algo que me levou case catro anos reflexionar. Pero ao rematar, sorprendinme coa gran aprendizaxe que me deixou esta experiencia. Principalmente pola linguaxe que se nos solicitou empregar, algo máis cotiá e accesible. Foi moi enriquecedor.

Estou convencida de que todos os que intentamos participar, no só o conseguimos, senón que aprendemos moito. É o principal motivo que me leva a invitar á universidade a continuar coa seguinte edición. Os compañeiros estudantes diríalles que é unha práctica interesante, divertida e construtiva.

*Pluriversidade. O futuro da xestión educativa para
as universidades en México.*



[↩ Ir ao sumario](#)

EDIUS NOVAS

Unha investigación da USC, mellor tese de doutoramento do mundo no eido dos fluídos supercríticos



Víctor Santos Rosales enfoca o seu traballo principalmente na medicina rexenerativa ósea

A investigación desenvolta por Víctor Santos Rosales dentro do grupo I+D Farma da Facultade de Farmacia acaba de ser distinguida como a mellor tese de doutoramento do mundo pola International Society for the Advancement of Supercritical Fluids (ISASF) durante o recente congreso '*International Symposium on Supercritical Fluids (ISSF2022)*' celebrado na cidade canadense de Montreal. A tese de Santos Rosales foi considerada de forma unánime como a mellor de 2021 no ámbito dos fluídos supercríticos.

A ISASF outorga este galardón, de xeito anual, ás investigacións con maior impacto no desenvolvemento do coñecemento e aplicacións da tecnoloxía de fluídos supercríticos. Con anterioridade, o traballo de Santos Rosales xa fora premiado, na contorna estatal, pola Asociación de Expertos en Fluídos Comprimidos (FLUCOMP) coma a mellor tese defendida entre os anos 2020 e 2021.

[↩ Ir ao sumario](#)

MEDICINA REXENERATIVA ÓSEA

A investigación que leva por título “New strategies for the production of ready-to-implant bone scaffolds using supercritical fluid technology” está dirixida polos profesores da USC Carlos A. García-González e Carmen Álvarez-Lorenzo. A tese foi defendida o pasado 20 de outubro de 2021 no marco do doutoramento internacional e recibiu a cualificación de Sobresaliente cum laude. O estudo aborda o desenvolvemento de estratexias avanzadas de procesamento de biomateriais para aplicacións biomédicas, enfocándose principalmente na medicina rexenerativa ósea.

A investigación, de carácter interdisciplinario, permitiu o procesado en ausencia de disolventes de scaffolds óseos medicados empregando CO₂ supercrítico como axente poróxeno e plastificante. Ademais, desenvóléronse “varias aproximacións tecnolóxicas que permiten a produción de implantes nanoestruturados con porosidade modulable e altos rendementos de incorporación de fármacos”, sinala o investigador premiado.

Outra innovación desta tese consistiu na xeración de coñecemento sobre a esterilización empregando CO₂ supercrítico. “Esta nova tecnoloxía permite a esterilización de biomateriais, fármacos termolábiles e substancias sensibles preservando as súas propiedades iniciais e acadando os niveis de esterilidade requiridos dende un punto de vista lexislativo”, engade. Entre outros fitos, o grupo I+D Farma, en colaboración co grupo liderado pola profesora Beatriz Magariños, identificou o indicador biolóxico para controlar este tipo de procesos e, polo tanto, sinalou o camiño “en prol dunha estandarización que se percibe como de extrema urxencia pola comunidade científica internacional”, matiza o investigador. Nun paso máis alá, a esterilización con CO₂ supercrítico integrouse coa preparación de implantes óseos, sendo incluso compatible coa incorporación simultánea de fármacos.

PREMIO ISASF

A primeira convocatoria do premio outorgado pola ISASF bota a andar no ano 1995 co obxectivo de premiar as contribucións máis notables dos investigadores e investigadoras ao comezo das súas traxectorias científicas. Moitos dos actuais referentes mundiais no emprego de CO₂ supercrítico para diferentes aplicacións (extracción, purificación, formación de partículas, tratamento e valorización de residuos, biomedicina, alimentación ou ciencia de polímeros, entre outros) foron galardoados coa mesma distinción.

ENTREVISTA



**Víctor
Santos Rosales**

«Dende Galicia pódese facer investigación da máis alta calidade»

Detrás do importante premio recibido, Víctor Santos recoñece que hai “catro anos de intenso traballo”. Este doutor non dubida da calidade da investigación que se fai en Galicia, aínda que recoñece que sabe que o problema principal “é o escenario de precariedade laboral ao que temos que enfrontarnos os investigadores, que é moi pouco atractivo e moi desalentador”.

Como te sentes despois de saber que o teu traballo acaba de ser recoñecido como a mellor tese de doutoramento do mundo na túa área de investigación?

Estou moi contento e orgulloso, en gran parte por como a noticia afectou aos meus familiares e amigos. Non deixo de recibir palabras de ánimo e parabéns. Este galardón supón un recoñecemento por parte dos maiores expertos na materia, a nivel global, da calidade científica e innovación da miña tese de doutoramento. Por suposto é un motivo de celebración.

Canto tempo che levou sacar adiante a túa tese?

Son unhas condicións que presentan todas as substancias. En función da presión e da temperatura, as substancias poden estar nun estado sólido, gasoso ou líquido, para facilitar o seu estudo empréganse os diagramas de fases. A determinadas condicións de presión e temperatura, as substancias alcanzan a rexión supercrítica e presentan un comportamento mixto a medio camiño entre líquido e gas, o que lles confire unha serie de vantaxes. Por exemplo, difunden coma os gases, pero presentan a densidade típica dos líquidos, o que fai que esta tecnoloxía teña aplicación en múltiples campos, tamén no da medicina.

A investigación da túa tese vai enfocada, principalmente, á medicina rexe-nerativa ósea. Cal sería a aplicación práctica no campo da saúde?

O tecido óseo é, por detrás do sangue, o tecido máis transplantado. A escaseza de doantes e de riscos, coma o rexeitamento inmune, estimulou a busca de novas solucións, coma é a fabricación de enxertos sintéticos. A miña tese partiu dun proxecto moi ambicioso que, afortunadamente, acadou resultados moi positivos. Propuxemos a fabricación de enxertos sintéticos -scaffolds, andamios en inglés-, e, a maiores, a súa esterilización mediante a tecnoloxía de CO₂ supercrítico.

[↩ Ir ao sumario](#)

A aplicación práctica sería que estes scaffolds substituísen aos enxertos actualmente empregados na clínica. O obxectivo final é dotar ao arsenal terapéutico desta innovadora solución.

Que supón a nivel profesional este recoñecemento da International Society for the Advancement of Supercritical Fluids (ISASF)?

É un selo de calidade á miña corta traxectoria científica, en concreto, o selo máis restritivo que se pode conceder no meu ámbito de traballo. Supón un mérito moi relevante a incorporar no currículo que pode favorecer a consideración das miñas candidaturas de cara ás futuras oportunidades laborais no sector.

Se as circunstancias o permitisen, gustaríache continuar a túa carreira investigadora en Galicia?

Sen lugar a dúbidas. Dende Galicia pódese facer investigación da máis alta calidade, como vén de recoñecer este premio. Temos multitude de exemplos que constatan este feito. O problema é o escenario de precariedade laboral ao que temos que enfrontarnos os investigadores, que é moi pouco atractivo e moi desalentador.

Para prosperar laboralmente, saír fóra é unha oportunidade, un soño ou unha obriga?

Dende o meu punto de vista, moitas veces idealízase a fuga de cerebros que estamos a vivir. As persoas que emigran fano por necesidade, non por gusto. A falta de oportunidades, de salarios dignos e de progresión laboral obrigan a buscar máis sorte noutros países.

Que mensaxe che gustaría mandarlle aos doutorandos e doutorandas que agora mesmo están traballando arreo para sacar adiante as súas investigacións?

Non sexas un suxeito pasivo, reflexiona e toma decisións, aínda que non sexan sempre as mellores. Valórate máis, sé responsable e busca sempre o maior grao de liberdade ao que poidas optar. Por último, coida da túa xente e do ambiente de traballo. A tese é unha etapa moi dura, pero iso non xustifica actitudes negativas ou egoístas, recorda que todas as persoas pasamos por momentos duros.

EDIUS NOVAS

A EDIUS e a Fundación José Otero-Carmela Martínez ofrecen bolsas de axuda para o alumnado de doutoramento da USC

A Universidade de Santiago de Compostela e a Fundación José Otero-Carmela Martínez asinaron un convenio de colaboración para ofrecer axudas económicas ao alumnado de doutoramento que se atope nunha situación que dificulte o desenvolvemento da súa labor investigadora por falta de recursos.

As axudas destinaranse a cubrir os gastos da matrícula dos estudos de doutoramento censados en concellos galegos, así como aqueles outros que, de maneira xustificada, se deriven ou sexan necesarios para a realización das actividades conducentes a lograr os obxectivos académicos fixados no Plan de Investigación.

O obxectivo da alianza entre a USC e a Fundación José Otero-Carmela Martínez pretende que todos os doutorandos e dotorandas “teñan a oportunidade de continuar coa súa investigación de cara á excelencia na realización da tese doutoral”.

Estas axudas, cun **importe mínimo de 1.000 € e un máximo de 3.000€**, estarán destinadas a cubrir, de maneira parcial ou total, algún dos seguintes gastos:

a) Gastos da matrícula nun Programa de Doutoramento da USC con dedicación a tempo completo.

b) Gastos derivados da realización dunha estada de investigación nun centro estranxeiro, de entre un mes e tres meses de duración, aprobada con carácter previo á súa realización pola Comisión Académica do Programa de Doutoramento da Universidade.

c) Gastos derivados da asistencia a congresos, conferencias, seminarios ou reunións científicas avalados pola Comisión Académica do Programa de Doutoramento da USC.

d) Gastos debidamente xustificadas derivados da adquisición de equipamento tecnolóxico imprescindible para o desenvolvemento do traballo de investigación.

F U N D A C I Ó N

José Otero - Carmela Martínez


[↩ Ir ao sumario](#)

A convocatoria publicarase no Taboleiro Electrónico da USC. O prazo de presentación de solicitudes contará dende o día seguinte da publicación da convocatoria no Taboleiro e será de 10 días hábiles. A presentación de solicitudes realizarase obrigatoriamente por medios electrónicos a través do seguinte [formulario](#) pola Sede electrónica da USC dirixida á Escola de Doutoramento Internacional.

As consultas sobre a convocatoria ou a presentación de solicitudes dirixiranse á EDIUS por correo electrónico (edius@usc.gal).

A selección das persoas destinatarias das axudas realizarase por unha Comisión de Selección conformada pola presidenta da Fundación José Otero-Carmela Martínez, ou pola persoa na que delegue, e outros membros da universidade.

A información ampliada destas axudas poderedes atopala na [páxina web da EDIUS](#).



EDIUS **NOVAS**

Máis dun cento de participantes no IX Encontro da Mocidade Investigadora en Compostela

A novena edición do Encontro da Mocidade Investigadora (EMI) por fin puido celebrarse presencialmente en Compostela durante os días 20, 21 e 22 de xuño

Despois dunha última edición telemática, a novena edición do Encontro da Mocidade Investigadora (EMI) por fin puido celebrarse presencialmente en Compostela durante os días 20, 21 e 22 de xuño. Esta foi, sen dúbida, a principal motivación para un Comité Organizador que, con gran esforzo e cuns prazos moi limitados, fixo posible o desenvolvemento deste encontro para investigadoras e investigadores matriculados nun Programa de Doutoramento nalgunha das tres universidades galegas (SUG).

Tal e como explican desde a organización, a posibilidade de impartir unha comunicación oral ou de presentar un póster pode supoñer para algunhas das persoas participantes, tendo en conta as circunstancias actuais, a súa primeira experiencia presencial á hora de compartir con outros as súas investigacións. Isto supón “unha gran oportunidade para estrearse, xa que moitos están na mesma situación”, engaden.

Foron tres días repletos de sesións, con 6 charlas plenarias, 62 comunicacións orais e 29 pósteres. Todo isto conformou un programa “cun amplo abano de opcións e participantes pertencentes a todas as áreas do coñecemento”, aseguran desde o comité organizador.



A interdisciplinabilidade xogou “un papel crucial” neste encontro, xa que un dos obxectivos “é abrir novos horizontes á hora de plantexar futuros proxectos”, puntualizan os organizadores. Así mesmo, as charlas plenarias pretendían abarcar algúns aspectos que o comité creu que eran necesarios para orientar aos asistentes sobre como abordar investigacións presentes e

[↩ Ir ao sumario](#)

futuras. Estas foron as charlas sobre a accesibilidade na investigación, a perspectiva de xénero, os avances nas condicións e dereitos laborais do colectivo investigador, perspectivas futuras tras rematar a tese e unha mesa redonda onde a interdisciplinabilidade foi a protagonista. Ademais, o último día deste encontro arrancou coa presentación do novidoso proxecto de contos científicos ‘Ciencia-me un cuento’, redactados por investigadores e orientados a captar e aproximar aos máis pequenos, “pois non debemos esquecer que a divulgación é un acto no que todos deberíamos involucrarnos”, afirman os organizadores.

Como cada ano, na clausura entregáronse uns premios ás mellores comunicacións. Nesta edición houbo catro galardóns para comunicación oral e dous para pósteres. Os gañadores foron:

- **Mellor comunicación oral de Artes e Humanidades: Rubén Acuña** (PD de Filosofía): *“Xustino Mártir: Hermenéutica e filosofía”*.
- **Mellor comunicación póster de Artes e Humanidades e Ciencias Sociais e Xurídicas: Jesús Pérez** (PD de Desenvolvemento Psicolóxico, aprendizaxe e saúde) *“The benefits of nature exposition in the well-being of adolescents with attention deficit disorders”*.
- **Mellor comunicación póster de Ciencias, Ciencias da Saúde e Enxeñaría e Arquitectura: Aly Castillo** (PD Ciencia e Tecnoloxía Química) *“Incorporación da microalga Haematococcus pluvialis como colorante natural e mellorador das propiedades funcionais e orgánicas dos alimentos”*.
- **Mellor comunicación oral de Ciencias: Zoe Chaos** - (PD de Medio Ambiente e Recursos Naturais) *“Presencia e distribución de isómeros de Hexaclorociclohexano nun área historicamente contaminada”*.
- **Mellor comunicación oral de Ciencias da Saúde: María Rúa-Alonso** (PD de Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable) *“Efectos agudos cardiovasculares do adestramento de forza e a configuración da serie”*.
- **Mellor comunicación oral de Ciencias Sociais e Xurídicas: Ángela González** (PD de Educación) *“A construción da subxectividade adolescente nas prácticas de exposición nas redes sociais”*.

Aínda que o número de participantes non foi tan elevado como na edición anterior, desde o Comité Organizador “agardamos que o evento resultara satisfactorio” entre os máis de 100 asistentes, tanto a nivel persoal como profesional. Grazas a estes días “de enriquecemento e intercambio de resultados e ideas”, a organización confía en que esta experiencia poida motivar a realización de novos proxectos e colaboracións con outras doutorandas e doutorandos, así como a participar en futuras edicións do Encontro da Mocidade Investigadora.

As comunicacións serán obxecto de publicación nun libro de resumos, que se imprimirá a través do sistema de publicacións da USC e que será remitido aos participantes.

EDIUS NOVAS

A USC entre as universidades españolas con maior rendemento en I+D, taxa de éxito académico e transferencia

A Universidade de Santiago de Compostela (USC) mantense entre as universidades españolas con mellor taxa de rendemento nos eidos da investigación e transferencia de coñecemento, no que atinxe a concesións de patentes, ingresos por licencias, publicacións internacionais con elevado nivel de citacións e publicacións con empresas, así como en captación e liquidación de fondos. Isto se depende do último ranking sobre as universidades españolas que vén de publicar a Fundación CYD (Coñecemento e Desenvolvemento) e no que se recollen datos do conxunto de España, por comunidades e universidades. De feito, na elaboración deste estudo están incluídos os datos de 79 universidades públicas e privadas ao tempo que se analizan os resultados de 28 ámbitos de coñecemento e 3.052 titulacións.

O citado traballo sitúa a institución académica compostelá entre as universidades españolas con máis publicacións altamente citadas, con máis patentes por profesor e investigacións citadas en patentes e tamén entre as que captan máis ingresos por licencias.

A USC mantense entre as mellores universidades do mundo, segundo o *QS World University Ranking 2023*

O *QS World University Ranking 2023* acaba de situar á USC no chanzo 751-800 dunha listaxe integrada por 1.422 universidades de todo o mundo e logo de avaliar un total de 2.462 institucións académicas. Ademais, a de Santiago é unha das 31 universidades de España que lograron entrar nesta clasificación. De todos os aspectos analizados, o eido relativo ás redes internacionais de investigación, seguido da reputación académica, son os sectores nos que a USC obtén unha mellor cualificación.

Esta listaxe, alén de avaliar a reputación, a cal abrangue o 40% da cualificación final que recibe cada institución académica, toma tamén en consideración

o prestixio en termos de empregabilidade (10% da puntuación final); a relación entre número de persoal académico e número de estudantes, xa que un alto número de docentes por estudante é interpretado como indicio de compromiso por parte da universidade (20% do resultado final); a media de citacións obtidas por cada membro de cada facultade (20%); e a proporción de persoal internacional (5%); así como de estudiantado procedente doutros países (5%).

Artes e Humanidades, Ciencias da Vida e Medicina, así como Ciencias Naturais son as tres áreas de coñecemento nas que a USC destaca segundo o [QS World University Ranking by Subject 2022](#).

[↩ Ir ao sumario](#)

EDIUS NOVAS

A Universidade de Santiago é a mellor de España, segundo Forbes

A publicación fixo unha análise tendo en conta a oferta educativa, a calidade do profesorado, a excelencia da ensinanza e as probabilidades de inserción laboral

Segundo a prestixiosa revista Forbes, a mellor universidade de España é a Universidade de Santiago de Compostela, “un referente académico polo seu extraordinario labor docente e investigador”. A publicación fixo unha análise tendo en conta a oferta educativa, a calidade do profesorado, a excelencia da ensinanza e as probabilidades de inserción laboral tras finalizar os estudos.

A publicación engade que a USC é unha institución pluricentenaria “con vocación de futuro e capacidade de proxección internacional”. Entre os campus de Santiago e Lugo, os universitarios dispoñen de case 30 centros, 80 departamentos e numerosas instalacións como institutos de investigación, residencias universitarias e instalacións deportivas. A USC ofrece 66 graos oficiais, 83 másteres, 57 programas de doutoramento e 15 mestrías propias, con clases adaptadas á semipresencialidade. “Máis do 80% dos seus docentes son doutores” sinala a revista.

Esta universidade destaca polo baixo custe dos créditos e o seu gran investimento anual en investigación: preto de 56 millóns. Ademais, a USC ten acordos de mobilidade con 67 países.



[↩ Ir ao sumario](#)

EDIUS **NOVAS**

Ángel Carracedo, candidato ao *Princesa de Asturias* en Investigación Científica e Técnica



O profesor da USC Ángel Carracedo e Sir Alec Jeffreys integraron a candidatura promovida pola Xunta de Galicia aos Premios Princesa de Asturias na categoría de Investigación Científica e Técnica. Finalmente, esta candidatura non resultou gañadora. A proposta da Xunta remarcaba os importantes descubrimentos acadados polos dous científicos no ámbito da xenética e da medicina forense, uns avances que contribuíron á estandarización e implantación das probas de ADN forense a nivel mundial e que, a día de hoxe, seguen a axudar, no eido xudicial, a resolver un gran número de investigacións.

Ángel Carracedo, catedrático da USC, é un referente pola súa contribución á patoloxía forense coa introdución da autopsia molecular. Ademais, creou e dirixe o Centro Nacional de Xenotipado, a infraestrutura IMPaCT Xenómica para o desenvolvemento da Medicina personalizada en España e a infraestrutura Innopharma e Fundación Kaertor para o desenvolvemento de fármacos en fase preclínica.

[↩ Ir ao sumario](#)

Aberto o prazo para inscribirse nos mestrados oficiais da USC

Até o vindeiro 19 de xullo poderase solicitar praza nos **mestrados oficiais da USC**. A publicación da adxudicación de prazas terá lugar o día 28 de xullo e un día despois, o 29, abrírase a primeira quenda de matrícula que se estende **até o 1 de agosto**.

Os prazos para a inscrición e matrícula a través da Secretaría Virtual rematan ás 23.59 horas do último día do prazo. A oferta de mestrados oficiais da USC pode consultarse nesta ligazón. O trámite debe realizarse a través da Secretaría Virtual da USC.

Un cento de persoas beneficianse das Bolsas de Excelencia Mocidade Exterior para cursar un mestrado na USC

O reitor Antonio López en xuño nun encontro cos beneficiarios das Bolsas de Excelencia Mocidade Exterior (BEME) xunto cos reitores da UDC e da UVigo, Julio Abalde e Manuel Reigosa, e o presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda. En total, 72 mozos e mozas poderán cursar estudos na USC a través da convocatoria 2021 destas axudas, 53 farano en Compostela e 19, no Campus de Lugo. As bolsas BEME permiten cursar determinados estudos de mestrado nunha universidade galega e están dirixidas a galegos e galegas que residan no estranxeiro.

No conxunto do Sistema Universitario de Galicia, un total de 200 mozos/as procedentes de 19 países obtiveron unha bolsa BEME na convocatoria de 2021.

EDIUS NOVAS

O próximo semestre retomárase a participación en feiras presenciais de captación de alumnado internacional

O Servizo de Captación Internacional (SCI) da USC retomará o próximo semestre a asistencia a feiras de captación de alumnado internacional, tras dous anos de ausencia por mor do contexto pandémico. A estratexia deseñada polo Servizo de Captación Internacional, dependente da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización, está baseada nun modelo mixto que combina eventos presenciais e virtuais.

No mes de setembro, a USC asistirá á feira institucional da Asociación Europea para a Educación Internacional (EAIE) en Barcelona, enfocada ao mercado europeo e, a principios de outubro, presentará a súa oferta académica en Bogotá (Colombia) na feira ExpoPosgrados. A participación presencial nestes dous eventos combinarase con dúas actividades virtuais a finais de setembro, un webinar dirixido a toda Iberoamérica e outro especificamente para Brasil.



[↩ Ir ao sumario](#)

A ONG Cesal lanza ‘RECacciona’, un concurso audiovisual para universitarios comprometidos con problemáticas sociais



A ONG Cesal ten en marcha a primeira edición de vídeos ‘RECacciona’, un concurso de creacións audiovisuais dirixido a estudantes universitarios de todos os ciclos (de grao a doutoramento) para sensibilizar e dar a coñecer a realidade de países como Haití, Honduras ou República Dominicana. Segundo a organización, o concurso conta con tres convocatorias nas que se tratarán temáticas como a educación, a pobreza, as causas da migración e as problemáticas migratorias das fronteiras.

A proposta audiovisual gañadora de cada convocatoria recibirá unha cámara de vídeo dixital e poderá haber até dous *accésits* que serán recoñecidos cun galardón. Para a elección de gañadores, existirá, primeiramente, unha votación popular e, posteriormente, unha elección por parte dun xurado profesional. ‘RECacciona’ conta co apoio da Agencia Española de Cooperación Internacional para el Desarrollo.

Podedes atopar máis información sobre o concurso [nesta ligazón](#).

EDIUS NOVAS

A Asociación Española de Xeógrafos reconece o traballo do doutor da USC Alejandro Gómez Pazo



O traballo titulado “Emprego de metodoloxías *open-source* para as investigacións costeiras: comparativa das técnicas de detección de cambios”, do investigador da USC Alejandro Gómez Pazo, acaba de gañar a novena edición do premio Jesús García Fernández ao mellor traballo inédito realizado por persoal investigador do eido da xeografía e menor de 35 anos. O xurado deste certame destacou “a actualidade e relevancia da temática abordada, con importantes repercusións ambientais como é a evolución das costas, así como as metodoloxías innovadoras que empregan fontes libres de información xeográfica e que poden contribuír ao avance na democratización da ciencia”.

A finalidade do estudo é comparar o fluxo de traballo entre as ferramentas de software propietario e *software open-source* para a análise das variacións costeiras e das variacións volumétricas.

A análise do sector de Pantín realizada por Gómez Pazo demostra a facilidade coa que técnicas moi estendidas nos estudos costeiros, como a análise das variacións costeiras ou as diferenzas volumétricas en sectores sedimentarios, poden ser aplicadas empregando tan só *software* libre. “Esta zona mostra unha clara erosión ao longo dos dez anos analizados, tanto en relación coa liña de costa, como coas variacións volumétricas no sector de detalle”, explica o investigador.

Gañador do concurso #HiloTesis de Twitter

O pasado mes de xuño, este xeógrafo e doutor da USC gañaba a fase galega do concurso ‘A túa tese nun fío de Twitter’, explicando na rede social a súa tese de doutoramento, na que estudou a evolución da costa galega. Podes atopar esta información e unha entrevista con Alejandro Gómez no anterior número do boletín nEDIUS, [na seguinte ligazón](#).


[↩ Ir ao sumario](#)

EDIUS NOVAS

